

# NOVA CONVOCATORIA DO PROCESO DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS 2019

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ven de publicar a **Orde do 4 de decembro** de 2018 (DOG do 14 de decembro) pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral na Comunidade Autónoma de Galicia e publicada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A través deste procedemento os traballadores e traballadoras de Galicia poderán obter o recoñecemento e a certificación oficial das competencias profesionais conseguidas a través da experiencia acumulada ao longo da súa vida laboral naquelas unidades de competencia que se correspondan coa actividade desenvolta. A acreditación de unidades de competencia poderá dar lugar, cando se completen todos os requisitos, á obtención de **certificados de profesionalidade e/ou títulos de formación profesional**.

## Relación de unidades de competencia e prazas obxecto de acreditación

As unidades de competencia e o número de prazas obxecto de recoñecemento, así como a súa relación cos títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade están dispostas na orde de convocatoria. Por familias profesionais e ciclos formativos son os seguintes:

### **Familia profesional: Administración e xestión.**

- Xestión administrativa.
- Administración e finanzas.

### **Familia profesional: Agraria**

- Xardinaría e floraría.

### **Familia profesional: Comercio e márketing**

- Actividades comerciais.

### **Familia profesional: Edificación e obra civil.**

- Construción.
- Obras de interior, decoración e rehabilitación.
- Proxectos de edificación.

### **Familia profesional: Electricidade e electrónica**

- Instalacións eléctricas e automáticas
- Instalacións de telecomunicacións.

**Familia profesional: Enerxía e auga.**

- Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.

**Familia profesional: Fabricación mecánica.**

- Mecanizado.
- -Soldadura e caldeiraría.

**Familia profesional: Hostalaría e turismo.**

- Cociña e gastronomía.
- Servizos en restauración
- Xestión de aloxamentos turísticos.
- Axencias de viaxes e xestión de eventos.
- Guía, información e asistencia turísticas.

**Familia profesional: Imaxe e son**

- Producción de audiovisuais e espectáculos.

**Familia profesional: Imaxe persoal.**

- Estética e beleza.
- Perruquería e cosmética capilar.

**Familia profesional: Industrias alimentarias.**

- Panadaría, repostaría e confeitaría

**Familia profesional: Informática e comunicacións.**

- Sistemas microinformáticos e redes.

**Familia profesional: Instalación e mantemento.**

- Instalacións frigoríficas e de climatización.
- Instalacións de produción de calor.

**Familia profesional: Madeira, moble e cortiza.**

- Carpintaría e moble.
- Instalación e amoblamento.

**Familia profesional: Química.**

- Operacións de laboratorio.

- Laboratorio de análise e de control de calidade.

**Familia profesional: Sanidade.**

- Emerxencias sanitarias.
- Farmacia e parafarmacia.

**Familia profesional: Servizos socioculturais e á comunidade.**

- Educación infantil.
- Integración Social.

**Familia profesional: Téxtil, confección e pel.**

- Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel

**Familia profesional: Transporte e mantemento de vehículos**

- Carrozaría.
- Electromecánica de vehículos automóbiles.
- Electromecánica de maquinaria.
- Automoción.

<b>Prazo de solicitude</b>
----------------------------

A solicitude de participación no procedemento deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e requirirá cubrir previamente os datos na aplicación informática que se atopa no enderezo [www.edu.xunta.es/acreditacion](http://www.edu.xunta.es/acreditacion), dende onde se xerará o formulario normalizado.

O **prazo de presentación** de solicitudes será dende o **14 de xaneiro ata o 7 de febreiro** de 2019.

**[Máis información sobr o proceso de acreditación de competencias profesionais](#)**

INFORMACIÓN RELACIONADA: [Acreditación](#)